

NORMAS de publicación GRIAL

Grial. Revista Galega de Cultura é unha publicación orientada a reflexionar, informar e debater sobre a cultura galega e universal no senso máis amplo. É a súa pretensión fomentar o diálogo entre distintos ámbitos do coñecemento e as diferentes perspectivas de pensamento, polo que acolle traballos de interese para un público culto, xeralmente realizados por especialistas.

ASPECTOS XERAIS

RESPONSABILIDADE AUTORIAL. Os/as autores/as dos artigos recibidos para seren publicados son responsables da súa autoría e da súa condición de traballos inéditos, salvo acordo explícito coa revista sobre adaptación ou tradución de textos xa publicados, sendo responsabilidade do autor/ra as opinións e informacións que no artigo aparezan. É responsabilidade do autor/ra conseguir os permisos necesarios para a reprodución do material citado, así como asegurarse da súa exactitude. A publicación dos traballos será decisión do consello de redacción, que tamén decidirá o número da revista en que se publicarán.

LINGUA. Os traballos publicaranse en lingua galega, conforme á normativa oficial, excepto aqueles que sexan solicitados explicitamente en lingua portuguesa ou sexan aceptados polo Consello de Redacción. No caso que así se acorde co autor/a dun traballo escrito orixinalmente noutra lingua, a tradución para o galego correrá a cargo da revista.

REDACCIÓN. Solicitamos dos nosos colaboradores e colaboradoras esmero na redacción e coidado na presentación do texto, e particularmente concisión, concreción e clareza na escrita. Os textos deben entregarse na súa versión definitiva.

REVISIÓN. Os textos someteranse a revisión editorial, o que pode implicar modificacións de redacción e cambios no título e na división en apartados. Cando así o solicitaren, os autores ou autoras recibirán copia en PDF da versión definitiva do seu traballo, para obtermos a súa conformidade para a publicación. No proceso de revisión de probas, admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas conforme ao libro de estilo editorial, e sempre a xuízo dos editores, e aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación (competencia da revista) de forma notable.

FORMATO

- a. Os artigos entregaranse en formato Word (ou procesador de textos compatible) coas seguintes características:
 - Corpo do texto xeral en tipografía Times New Roman corpo 12, entreliñado 1,5. As notas a rodapé irán en corpo 10 e entreliñado 1 co número de nota de referencia no texto colocado antes da puntuación.
 - Marxes de páxina de 3 cm superior e inferior e 2,5 dereita e esquerda.

- Parágrafos xustificados con sangrado de primeira liña.
- Os artigos que o precisen dividiranse como máximo en dous niveis de encabezamento, numerados correlativamente segundo a súa xerarquía
- Evitarase o uso de tipografía **grosa** (negras) no corpo do texto.

b. NOTAS A RODAPÉ E REMISIÓNS BIBLIOGRÁFICAS. Recomendamos a máxima economía de notas a rodapé e nas listaxes bibliográficas. As referencias bibliográficas dentro do texto poranse preferentemente entre parénteses, e non en nota a rodapé. En ningún caso se porán máis de dúas notas cada 2.000 caracteres.

As referencias bibliográficas deben limitarse ao imprescindible, e, salvo excepción, non deberán superar as dez entradas en total. As referencias ou citas que vaian dentro do texto seguirán o modelo de citación á americana e deben incluír apelido do autor, ano de publicación e páxinas referidas: (Fernández de la Vega, 1963: 112-113; García/López, 1795: 12; García, 2005b). Recolleranse nunha listaxe final baixo a epígrafe de “Bibliografía/Bibliografía citada”, ordenada alfabeticamente polo apelido do autor ou autores, en tipografía normal (non VERSALETAS nin VERSAIS), seguindo preferentemente os seguintes modelos básicos:

Villares Paz, Ramón (2017). *Identidade e afectos patrios*. Vigo: Galaxia.

Otero Pedrayo, Ramón (2011). *O señorito da Reboraina*. Vigo: Galaxia [Vigo: Galaxia, 1960].

García, Constantino; Santamarina, Antón (dirs.); Fernández Rei, Francisco (coord.); González González, Manuel, Álvarez Blanco, Rosario (1990). *Atlas Lingüístico Galego. Volume I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Monteagudo Romero, Henrique *et al.* (1985). *Aspectos sociolingüística del bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Villares, Ramón (2009). “Breña na cultura galega. Conexións e semellanzas”, en *Grial* 215, pp. 14-21.

— (2017). *Identidade e afectos patrios*. Vigo: Galaxia.

Lorenzo, Ramón (2008). “Toponimia menor do lugar de Framán (Bugallido, Ames)”, en Corral Díaz, Esther; Fontoira Suris; Lydia; Moscoso Mato, Eduardo (eds.). *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Álbum de mulleres. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. En: <http://culturagalega.gal/album/> [Consulta: xaneiro de 2020].

c. CITAS. As citas textuais de obras redactadas en lingua distinta ao galego deben darse en tradución galega. Usaranse dous formatos dependendo da extensión da cita:

- As citas que non superen as catro liñas na redacción orixinal co formato do texto, irán dentro do parágrafo, coa mesma tipografía e corpo e entre

comiñas “inglesas”.

- As citas que superen as catro liñas, irán en parágrafo á parte, sen comiñas e sangría de parágrafo esquerda e corpo 10, sen emprego de tipografía cursiva (excepto nos usos convencionais concretos que o precisasen), con separación dobre entreliñas antes e despois do parágrafo.
- d. TÁBOAS/CADROS.** Realizaranse utilizando o formato estándar de “edición de táboas”, indo numerados correlativamente (táboa 1, táboa 2 etc.); incluírase en cada un deles un encabezamento conciso, e farase referencia a eles no texto principal, se fose preciso (táboa 1/ fig. 2).
- e. GRÁFICOS.** Entregaranse con calidade suficiente para a súa dixitalización ou nun arquivo (preferentemente Excel). Neste caso débese incluír na mesma páxina o gráfico e a táboa de datos. Irán numerados e referidos de xeito similar ao indicado para as táboas/cadros.
- f. FOTOGRAFÍAS, ILUSTRACIÓNS, MAPAS, PLANOS.** Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
- g. MAPAS, DEBUXOS, GRAVADOS.** A dixitalización farase en “modo liña” ou “mapa de bits” (non se recomenda o modo “escala de grises”); a resolución mínima será de 1.200 ppp.
- Fotografías/escaneados: dixitalizaranse cunha resolución mínima de 300 ppp, en formatos de arquivo: .JPG, .EPS, ou .TIFF, e numeradas de xeito correlativo (fig./foto 1, 2 etc.) con números arábigos.
 - Todos os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes,...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
- h. ILUSTRACIÓNS.** Por vía da regra, as colaboracións publicadas en *GRIAL* van acompañadas de ilustracións. Agradecemos aos colaboradores que nos faciliten ilustracións ou nos fagan suxestións sobre estas. No primeiro caso, o/a colaborador/a debe asegurarse de que a reprodución das ilustracións facilitadas non está suxeita a dereitos, ou se é así, indicalo á revista.
- i.** Os apartados **e** a **h** referidos ao material complementario reduciranse ou mínimo imprescindible.

TIPOS DE COLABORACIÓNS. EXTENSIÓN

ENSAIOS E ARTIGOS: entre 10.000 e 25.000 caracteres. É o formato habitual das colaboracións para os “Monográficos” e as seccións regulares da revista.

Para as seccións **O ESPELLO DAS LETRAS** e **CRÓNICA** a extensión recomendable non debería superar os 15.000 - 20.000 caracteres.

PRESENTACIÓNS E RECENSIÓN: entre 3.000 e 5.000 caracteres. Deben levar a referencia bibliográfica completa da obra (autor, título, editorial, ano de publicación e páxinas) e un título introdutorio. Non poderán levar notas a rodapé nin listaxe bibliográfica. De ser precisa algunha aclaración ou información bibliográfica, incluírase no texto. Non se enviarán probas deste

apartado,

A presentación da sección **DOCUMENTOS** terá aproximadamente 2.500 - 3.500 caracteres. As seccións monográficas deben ir precedidas dunha breve presentación de 2.000 caracteres

É sumamente importante que as colaboracións presentadas se atean aos límites de extensión sinalados, quedando a súa aceptación suxeita ao consello de redacción.

RECEPCIÓN DE ORIXINAIS

As colaboracións enviaranse ao correo electrónico da secretaría de redacción: xdominguez@editorialgalaxia.gal, ou ben a un membro do consello de redacción da revista.

Deben vir acompañadas dunha breve nota bio-bibliográfica sobre o/a autor/a ou autores/as, dun máximo de tres liñas, en que se indicará nome, profesión e currículo sintético. Igualmente, indicará datos de contacto: correo electrónico, e, no seu caso, número de teléfono. Tamén se indicará enderezo postal para o envío de exemplares da revista.

Os autores deben asegurarse de que a súa colaboración segue as instrucións editoriais que se veñen de indicar nestas normas.

As colaboracións son sometidas para a súa publicación á aprobación do Consello de Redacción da revista.

A revista non mantén correspondencia sobre colaboracións non solicitadas nin se compromete a devolvelas.

DECLARACIÓN DE PRIVACIDADE

Os datos e enderezos dos autores/ras da revista, ou que manteñan contacto co seu consello de redacción, usaranse exclusivamente para os fins declarados por esta revista, e non estarán dispoñibles para ningún outro propósito ou persoa.

Conforme o Regulamento (UE) 2016/679 de Protección de Datos de Carácter Persoal, trátanse de forma confidencial. Todo será incluído nun ficheiro do que a Editorial Galaxia, como editora da revista *GRIAL*, é titular e responsable. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á editora por vía postal (Editorial Galaxia, Avenida de Madrid 44, 36204 - Vigo), telefónica (986 432 100) ou correo electrónico (galaxia@editorialgalaxia.gal).